



Boletín Nº 220. Martes, 23 de septiembre de 2008

IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL IV.2 MUNICIPAL PORTO DO SON

EDICTO Pág. 11219 Reg. 08/11085-x.

Anterior

Siguiente

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola inmovilización, retirada e depósito de vehículos e outros da vía pública

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno de data 27 de xuño de 2008, de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola inmovilización, retirada e depósito de vehículos e outros da vía pública, por non se ter presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, de conformidade co disposto no art. 17.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o texto íntegro da ordenanza aprobada para os efectos da súa entrada en vigor.

### **ORDENANZA REGULADORA DA TARA POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS E OUTROS**

#### **Artigo 1. Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 20.4.z) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de inmovilización, retirada e depósito de vehículos na vía pública, de acordo co previsto no texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación e Vehículos a Motor e Seguridade Vial, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, que nas súas normas atende ao previsto no artigo 57 do citado RDL 2/2004, de 5 de marzo.

#### **Artigo 2. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa:

- a) Inmovilización de vehículos.
- b) Transporte, retirada e depósito de vehículos e outros da vía pública.

A inmovilización, retirada, traslado e depósito de vehículos e outros

producirse nos casos previstos na lexislación vixente e nas disposicións municipais sobre a materia. O servizo é de recepción obrigatoria e prestarase de oficio ou en virtude dunha denuncia particular.

### **Artigo 3. Non suxeición.**

Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa os supostos 11 e 12 do apartado III do artigo 292 do Código de Circulación, isto é:

1. Os traslados de vehículos que sexa preciso retirar das vías públicas cando aqueles se atopen estacionados no itinerario ou espazo que deba ser ocupado por unha comitiva, desfile, procesión, cabalgata, proba deportiva ou outra actividade de releve, debidamente autorizada.
2. Cando resulte necesario para a reparación e limpeza da vía pública.

### **Artigo 4. Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que resulten afectadas pola prestación do servizo.

Entenderase que o afectado pola prestación do servizo é o condutor e, subsidiariamente, a persoa que figure no permiso de circulación do vehículo.

### **Artigo 5. Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios das obrigas tributarias as persoas ou entidades previstas no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria e co alcance que sinala o dito artigo.

### **Artigo 6. Cota tributaria.**

1. A cota tributaria será o resultado de aplicar o seguinte cadro de tarifas:

a) Pola inmovilización do vehículo na vía pública ou en calquera outro lugar, realizado pola Policía Local ou ordenado pola Autoridade competente segundo o disposto, e nos casos que se establezan na Lei de Seguridade Vial e Regulamentos que a desenvolven e demais disposicións en vigor en materia de tráfico.

Descrición	Importe (€)
Motocicletas e ciclomotores	19,00
Vehículo automóbil turismo, furgonetas	32,00

Vehículos furgóns e similares ata 3.500 quilos de PMA ou remolques e semirremolques

60,00

b) Pola retirada, transporte e depósito.

Descrición	Importe (€)	Incremento diario por depósito (€)
Motocicletas e ciclomotores	41,00	5,00
Vehículo automóbil turismo, furgonetas	67,00	5,00
Vehículos furgóns, similares e contenedores ata 3.500 quilos de PMA ou remolques e semirremolques	123,00	5,00

2. Se unha vez iniciada a intervención dos axentes municipais para a retirada do vehículo comparece o condutor ou a persoa encargada do vehículo ou contenedor e se fai cargo do mesmo antes do enganche do guíndastre do vehículo/contenedor para o traslado do vehículo ao depósito, as tarifas do apartado b) reduciranse nun 50 por cento. Así mesmo, se o condutor ou a persoa encargada do vehículo se fixese cargo do mesmo ou procedese a retiralo pola súa conta sen que se completase a inmovilización, as tarifas do apartado a) reduciranse nun 50 por cento.

3. O incremento diario por depósito aplícarase por día ou fracción a partir das 24 horas da entrada no mesmo, entendendo que esta tivo lugar á hora seguinte á que conste no boletín de denuncia expedido polo axente da Policía Local.

#### **Artigo 7. Devengo e pagamento da taxa.**

1. As taxas reguladas na presente ordenanza devénganse no momento en que se preste o servizo ou simplemente no momento en que se tivese iniciado, sen prexuízo neste último caso, da redución no importe da cota na forma establecida no artigo anterior, cando o condutor, titular ou persoa encargada do vehículo se faga cargo do mesmo e proceda a retiralo pola súa conta.

2. Enténdese iniciado o servizo no momento da denuncia do axente da Policía Local.

3. Para a recollida do vehículo, os interesados ingresarán o importe da taxa polo procedemento de autoliquidación, o importe das taxas calculadas segundo o artigo 6 da presente Ordenanza.

#### **Artigo 8. Normas adicionais.**

1. O procedemento e actuación municipais axustaranse ao previsto no Código da Circulación e disposicións que o complementen ou desenvolvan.

2. As taxas desta Ordenanza son esixibles e compatibles coas sancións que procedan por infracción das normas de circulación ou policía urbana.

3. Nos casos nos que proceda a retirada do vehículo, e previa orde dos axentes municipais, realizarase o traslado do vehículo ao depósito, cursándose comunicación ao titular do vehículo para que se faga cargo do mesmo e presente a autoliquidación e ingreso da taxa antes de proceder a rúa recollida. A autoliquidación e ingreso da taxa deberá facerse no prazo máximo dun mes desde a recepción da comunicación.

4. Cando se proceda a inmovilizar un vehículo mediante a utilización de cepos ou outros procedementos mecánicos semellantes para impedir o uso, os condutores ou persoas encargadas do vehículo, solicitarán dos axentes municipais a retirada do mecanismo, para o que deberán ingresar o importe correspondente da taxa.

5. Cando os titulares dos vehículos depositados ou os seus domicilios fosen descoñecidos, as notificacións faranse mediante publicación de anuncios no BOP por conta do interesado.

6. Transcorrido o prazo a que se refire o apartado 3 deste artigo sen que o titular se fixera cargo do vehículo e pagara as taxas orixinadas, procederá o cobro por vía de constrinximento.

#### **Artigo 9. Infraccións e sancións tributarias.**

En materia de infraccións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como respecto das sancións que procedan, estarase ao disposto na normativa de circulación e seguridade vial, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

#### **Disposicións finais.**

1. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei Xeral Tributaria e restantes normas de aplicación.

2. A presente Ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 27 de xuño de 2008 e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP, aplicándose mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

Porto do Son, 10 de setembro de 2008.

O ALCALDE

Asdo. Manuel Tomé Piñeiro

Reg. 08/11085-x

De acuerdo con el artículo 7.1 de la Ley 5/2002, del 4 de abril, Reguladora de

los Boletines Oficiales de las Provincias, los originales serán transcritos en la misma forma en que se hallen redactados y autorizados por el órgano remitente, sin que por ninguna causa puedan variarse o modificarse sus textos una vez éstos hayan tenido entrada en el Boletín Oficial, salvo que el órgano remitente lo autorice de forma fehaciente.

